



LIM (libros interactivos multimedia)

1 - Pasos previos e creación do primeiro libro de actividades

OBXECTIVO: Imos a crear un libro LIM sobre algúns dos contidos tratados no PFAC Abalar, para amosa por unha banda o proceso de elaboración dun libro LIM desde o comezo e por outra banda os diferentes tipos de actividades que podes incluír en cada páxina. Podes ver o resultado final na zona abalar → PFAC → xornada 6.


A) PASOS PREVIOS:



A1.- Deberemos crear unha nova carpeta na que gardar o noso libro, neste caso crearemos unha carpeta chamada PFAC-ABALAR (ou con calquera outro nome) no escritorio do noso equipo, ou en calquera outro lugar.

A2.- Dentro dela crearemos unha carpeta chamada PUBLICADO e deberemos crear tamén unha segunda carpeta chamada BIBLIOTECA


A carpeta biblioteca ímola usar mentras elaboramos o noso libro, tanto para almacenar imaxes e sons, como para visualizar as probas que vaíamos facendo



Nesta carpeta gardaremos o noso libro LIM xa rematado cando o exportemos

A.3.- Dentro da carpeta BIBLIOTECA crearemos unha carpeta chamada "probas" , outra "imaxes" e outra "sons" .

Aquí temos unha serie de imaxes que imos empregar no noso libro LIM



Aquí temos unha serie de sons que imos empregar no noso libro LIM

A carpeta probas é a que empregará o LIM cando vaíamos facendo probas do noso libro



Todas estas carpetas son opcionais pero **moi recomendables** de cara a non perdernos e a ter todo o material organizado, de non usalas poderase facer igualmente o libro, pero é posible que nos atopemos con arquivos en lugares onde non esperamos :)

A estrutura de carpetas que se porpón non é imprescindible para facer un libro lim, pode facerse de outros moitos xeitos, pero axudaranos a mantelo todo organizado e a un traballo sistemático.

Banco de imaxes e sons do MEC:

<http://recursostic.educacion.es/bancoimagenes/web/>

Sintetizador de voz online:

<http://vozme.com/index.php?lang=es>

B) PREPARANDO O NOSO LIBRO DE ACTIVIDADES:

Cada conxunto de actividades LIM organízase nun libro cun serie de páxinas, sendo cada unha das páxinas una actividade distinta e única. Este libro "contedor" necesita ter unha serie de características (cores, botóns, título...) que será o primeiro que fagamos cando comecemos o noso proxecto LIM (no apartado propiedades poderemos cambialas logo en calquera momento)

Estructura dun libro LIM:




É importante coñecer esta terminoloxía para logo poder decidir no noso libro cales incluír e as cores que desexamos asignarlles.

Moitos deles son opcionais, dependerá de cada quen incluílos ou non



ABRIMOS O PROGRAMA LIM

En canto abramos o programa veremos a seguinte pantalla, este é o significado dos menús existentes:



En canto premamos "novo" automaticamente aparecerá a fiestra de PROPIEDADES (á que tamén poderemos acceder premendo o botón propiedades).

Neste momento deberemos completar a información relativa ó noso libro (poderemos cambiala posteriormente en calquera momento), antes de empezar a engadir páxinas con actividades.





C) RECURSOS

Nos nosos libros imos necesitar imaxes e sons entre outros elementos, a todos estes arquivos de imaxe e son que precisemos chamáremolos RECURSOS, e para poder empregalos deberán estar dispoñibles na CAIXA RECURSOS na parte lateral esquerda.

Caixa de recursos:
Estará presente en tódalas opcións do programa



Para engadir un recurso que teñamos no noso ordenador (preferentemente nas carpetas audio e imaxe que antes creamos) tan só deberemos premer na icona do cartafol, escollelo e aparecerá na caixa de recursos.

Engadir un recurso do noso ordenador

Actualiza a lista de recursos

Elimina un recurso existente (non ó borra do ordenador)

Modificar o recurso, unha vez engadido poderemos cambiar o seu tamaño, por exemplo.

Lista de recursos que xa foron engadidos

Facendo click escollemos en que categoría queremos incluir o noso recurso: imaxes ou sons.

O apartado “animacións” emprégase para os “skins” do libro, totalmente opcional.

Recursos

Imaxes

abalar_logi.jpg

Sons

Animacións


Textos

Para usar un recurso bastará con “arrastralo” da caixa de recursos ó lugar que queiramos empregalo (icona do libro, imaxe nunha páxina....)



D) ENGADINDO PÁXINAS CON ACTIVIDADES:

Unha vez temos o noso libro chega o momento de comezar a engadirlle páxinas, para elo premeremos no menú superior a opción PÁXINAS:



Teremos que escoller entre o gran número de actividades posibles, cal queremos incluír na nosa primeira páxina. No noso caso imos a facer un puzzle na páxina 1 do noso libro, así pois escollemos “puzle” (crebacabezas en galego)

Existe un manual adicional onde se indica como engadir cada un dos tipos das diferentes actividades dispoñibles. Neste primeiro manual ímos a traballar únicamente como crear unha páxina e traballar con calquer tipo de actividade.

Cada vez que esteamos a traballar nunha páxina veremos as seguintes opcións

Título da paxina (superior)

Vista previa: premendo neste botón veremos como queda anosa actividade e libro nun navegador (estes arquivos temporais almacenaraos no cartafol probas que indicamos anteriormente)

Eliminar a imaxe engadida

Crear unha nova páxina

Amosar/ocultar as frechas para pasar de actividade

Texto informativo da páxina (inferior)

Engadir audio á páxina, poderemos facer que sexa automático ou non

Gardar a estrutura do libro

Duplicar a páxina

Ver/ordear as páxinas

Borrar a páxina actual

Avanzar e retroceder entre as páxinas



No noso exemplo, arrastraremos a imaxe que teñamos na nosa caixa de recursos ata o cadro de imaxe da ficha, e escolleremos cantas filas e columnas queremos, así como o tipo de ficha que queremos empregar. Do mesmo xeito poderemos decidir se queremos que teña a mesma imaxe de fondo ou non.

Se prememos no botón de vista previa poderemos ver como queda.


Agora tan só nos faltará ir engadindo diferentes páxinas ata rematar o noso libro.

E) PUBLICANDO O LIBRO DE ACTIVIDADES:

Cando teñamos rematado o noso libro, chegará o momento de EXPORTALO e así poder empregalo na aula.

Cando exportemos un libro obteremos ben unha carpeta chea de diferentes arquivos (o arquivo de inicio será o indicado como .html), ou ben un arquivo comprimido en zip que inclúe ditos arquivos, neste caso deberemos descomprimilo primeiro para poder empregalo.

Para exportar o noso libro, xa rematado, premeremos EXPORTAR e teremos as seguintes opcións



Nome do libro será o nome do arquivo final

Empaquetar permite obter tamén un arquivo comprimido co libro, deberá ter un nome con extensión .zip

Publicamos/exportamos o libro

O cartafol de destino será a carpeta PUBLICADO que creamos no punto 1 deste manual

HTML, indica o nome do arquivo que teremos que premer para que funcione o libro, recomendamos usar index.html. Sempre ten que ter a extensión .html


SCORM : permite que o arquivo comprimido poda ser subido á aula virtual e recoñecido...
MOI IMPORTANTE.

Os restantes campos poderemos deixalos en branco



Unha vez publicado o libro, se nos diriximos ó cartafol que indicamos (publicado) atoparémolos algo como isto (o contido completo do noso libro)

Levaremos o cartafol completo para usalo na aula ou ben únicamente o arquivo zip para descomprimilo logo



Arquivo zip: inclúe todo o contido do cartafol

Arquivo html, o que hai que premer para que se inicie o libro

Arquivos de imaxe, son e outros que precisa o libro para executarse... fan falta todos eles.

Agora tan só teremos que levar o arquivo zip ou ben a carpeta enteira nun pen á nosa aula e premer o arquivo comosechame.htm para traballar co libro LIM.

COMO PUBLICALO EN INTERNET PARA QUE TODOS POIDAN USALO:

Ademáis de usalo na aula, levándoo nun pen, como comentabamos **tal vez nos interese publicar o noso LIM en internet** para que poidan usalo desde a casa.

Aquí explicaremos como publicalo na web do centro, para que funcione en internet.

Neste caso temos dúas opcións:

- a) publicalo nunha entrada do noso recanto, e achegar o arquivo zip como un adxunto. É o máis doado pero non permite que o alumno o "traballe directamente sobre o noso libro", senón que terá que descargar o zip, descomprimilo e logo premer sobre o arquivo htm.
- b) publicalo na aula virtual, supón un pequeno traballo extra, pero permitirá que o alumno o use directamente, sen ter que descargarlo e descomprimilo.


1.- Deberemos exportar o noso libro como un zip comprimido coa opción SCORM activada (o resto dos arquivos non os precisaremos)

2.- Subiremos dito arquivo á aula virtual do centro, dentro dun novo curso (existe xa un creado na categoría TIC para subir arquivos LIM, ou ben creamos un novo curso) "engadindo un recurso SCORM" e subindo o arquivo zip.

3.- **OPCIONAL:** Nese momento o libro xa estará na aula virtual,



pero se queremos que estea publicado no blog da web, ou queremos ter a ligazón directa ó libro, teremos que premer sobre o mesmo co botón dereito e elexir, copiar HTML.



Se pegamos ese contido nun procesador de texto (block de notas, kwrite, writer...), obteremos un código similar ó seguinte.

```
--object-----r
<object type="application/x-shockwave-flash" id="objlim"
data="http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino/moodle/file.php/25/moddata/scorm/2/lim.swf?libro=libro.lim"
width="600" height="500" align="top" >r
<param name="allowScriptAccess" value="always" />r
<param name="movie"
value="http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino/moodle/file.php/25/moddata/scorm/2/lim.swf?libro=libro.lim"/>r
<param name="quality" value="high" />r
<param name="allowFullScreen" value="true" />r
<param name="FlashVars" value="libro=libro.lim"/>r
</object>r
|
--Iframe-----r
<iframe src="http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino/moodle/file.php/25/moddata/scorm/2/lim.swf?libro=libro.lim"
frameborder="0" width="600" height="500" scrolling="auto"></iframe>r
--Url-----r
r
http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino/moodle/file.php/25/moddata/scorm/2/lim.swf?libro=libro.lim
```

Este é o enderezo directo ó noso libro LIM, que poderemos enlazar desde calquera parte da web

Continúa no manual:


LIM 2 : Traballando cos diferentes tipos de actividades.



Creando un menú en tódalas páxinas do noso libro

É posible que queiramos que o noso libro LIM teña un menú na parte superior de tódalas páxinas, de xeito que nos permita navegar fácilmente entre as distintas páxinas do mesmo.

Velaquí un exemplo:



(imaxe do libro LIM O ENTROIDO elaborado por "Julia González González", C.E.I.P. Mestres Goldar - Vigo)



Deste xeito cando prema nalgun deses botóns nos levará a unha actividade concreta. Supoñamos, partindo da imaxe do exemplo que tivesemos organizadas as actividades deste xeito.

- Da páxina 2 á 10: información sobre o entroido (sabías que)
- Da páxina 10 á 15: xogos sobre máscaras (as máscaras)
- Da páxina 15 á 25: información sobre a esmorga (a esmorga)
- Da páxina 25 á 30: xogos e información sobre comida (que rico)
- Da páxina 30 á 35: xogos de poesía (poesía)

Co exemplo anterior os botóns levaríanos á primeira páxina de cada bloque, neste caso

- sabías que → páxina 2
- máscaras → páxina 10
- a esmorga → páxina 15
- que rico → páxina 25
- poesía → páxina 30

Unha vez entendemos o funcionamento dos menús, se queremos empregar un no noso libro teremos que ir á pestana PROPIEDADES (que xa coñecemos) e buscar este botón:




Botón para crear un menú na parte superior de tódalas páxinas.



Escribimos o texto de cada botón que queiramos ter no menú

Indicamos se queremos que aparezan tódolos botóns na parte superior un ó lado do outro, * se non o marcamos aparecerán todos como desplegable partindo dun.



Coloca o menú na parte superior dereita, só se está desmarcada a opción * anterior

Indicamos que sucederá cando se preme cada botón:
- indicar o número dunha páxina levaranos a esa páxina
- “pechar” fará que se peche o libro LIM